

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

4961 *Corrección de erros do Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.*

Advertidos erros no texto do Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 283, do 24 de novembro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 42, parágrafo primeiro e parágrafo quinto, onde di: «... 1. “Ingresos da entidade pola actividade propia” e, se for o caso, do importe neto...», debe dicir: «... 1. “Ingresos da actividade propia” e, se for o caso, o importe neto...».

Na páxina 46, cuarto parágrafo, cuarta liña, e décimo terceiro parágrafo, cuarta liña, onde di: «... resultado de explotación.», debe dicir: «... excedente da actividade.».

Na páxina 47, parágrafo segundo, onde di: «... resultado de explotación.», debe dicir: «... excedente da actividade.».

Na páxina 49, parágrafo décimo, onde di: «... maior valor dos activos.», debe dicir: «... maior valor dos activos e cobramentos de dividendos.».

Na páxina 58, na segunda columna da táboa, número 18, onde di: «18. Impostos sobre beneficios**», debe dicir: «18. Impostos sobre beneficios.».

Na páxina 60, segunda liña, onde di: «... comentan as normas de rexistro e valoración recollidas nesta adaptación.», debe dicir: «... comentan a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.». A continuación, no parágrafo seguinte suprímese desde onde di: «salvo a información» ata o final do parágrafo.

Na páxina 62, parágrafo sétimo, segunda liña, onde di: «... sinalada na letra anterior,...», debe dicir: «... sinalada no número anterior,...».

Na páxina 66, no cuarto cuadro, denominado D) Recursos económicos empregados na actividade, fila novena, onde di: «Outros gastos de explotación», debe dicir: «Outros gastos da actividade.».

Na páxina 68, no cadro denominado II. Recursos económicos totais empregados pola entidade, fila novena, onde di: «Outros gastos de explotación», debe dicir: «Outros gastos da actividade.».

Na páxina 73, no cadro referente aos gastos de administración, columna terceira, onde di: «Lei 50/2004», debe dicir: «Lei 50/2002.».

Na páxina 76, inmediatamente a continuación do cadro, onde di: «16. Inventario», debe dicir: «17. Inventario.».

Na páxina 81, segunda liña, onde di: «... comentan as normas de rexistro e valoración recollidas nesta adaptación.», debe dicir: «... comentan a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.». A continuación, no parágrafo seguinte, suprímese desde onde di: «salvo a información» ata o final do parágrafo.

Nas páxinas 93 e 108, no cadro referente aos gastos de administración, columna terceira, onde di: «Lei 50/2004», debe dicir: «Lei 50/2002.».

Na páxina 116, parágrafo sétimo, onde di: «Comprende os recursos propios...», debe dicir: «Comprende o patrimonio neto...».

Na páxina 127, parágrafo oitavo, terceira e cuarta liñas, onde di: «... valor razoable...», debe dicir: «... valor en libros...». No mesmo parágrafo suprímese a última frase: «En ambos os casos, poderase orixinar o correspondente resultado.».